



EXPTE.: 76/142

TRÁMITE: ADDENDA AO INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2023 DA CONCELLERÍA DE CULTURA E EMPREGO

INFORME

A petición do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, emítese a seguinte Addenda ao informe xustificativo respecto das subvencións nominativas remitidas pola oficina de **Desenvolvemento Local e Emprego** para a súa inclusión no orzamento do ano 2023:

- DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO:

I. Subvencións nominativas para fomento de emprego con motivo da organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción de produtos en sectores estratéxicos (encadrariáanse dentro da Área de responsabilidade política de Cultura e Emprego, como Desenvolvemento promocional de eventos xeradores de emprego e de Fomento dos intereses económicos da localidade que contribúan á activación da economía local):

Estas subvencións nominativas outórganse por mor da repercusión que cara ao fomento do emprego representa a organización destes eventos, integrándose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

4º- Feira internacional de produtos do mar conxelados (CONXEMAR), con cargo á partida orzamentaria 2410.4700003, por importe de 100.000,00 €: Subvención nominativa á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR) (G36636819), para promover a divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos do mar conxelados e os seus derivados, o que nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar”, ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. A feira contribúe, ademais, á proxección internacional da cidade, así como á súa dinamización económica e ao fomento do emprego derivado directamente da organización da “Feira internacional de produtos do mar conxelados” e o “Congreso Mundial FAO-Conxemar”, que ademais de implicar a centos de traballadores de diferentes sectores na súa instalación, desenvolvemento e desmontaxe, contribúe directamente ao mantemento dos postos de traballo da sede da Asociación en Vigo, na que traballan os profesionais adicados á organización do evento.

O que se informa aos efectos oportunos.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
(Resolución do 11/04/2021)
Carla Candia Paz

Vigo, na data da sinatura dixital

O Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego
(RA de delegación do 17/08/2020)
Abel Losada Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:26	Páxina 1 de 1
76-142	CSV: A5A1BC-59B231-4BD5EF-3FFLDG-9L6KSC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		